

## Semana do Luns 8 de Xuño de 2020!

Queridas familias castoras...Achegámonos a penúltima semana de curso escolar, e, como faríamos no cole, a semana que daríamos por rematados os libros xa que se aveciñarían días de excursións, talleres, xogos, actuacións...

Este ano que nos toca rematar o curso así, non poderemos desfrutar xuntos, pero tamén queremos cumprir co programado e por esta razón a semana que ven recibiredes algunha que outra proposta máis lúdica, e deixamos que flexibilicedes coas tarefas escolares en función das vosas necesidades.

Tamén as profes, esta semana comezamos a ir ó cole e temos que preparar moitas cousas que non nos permitirá estar tan pendentes do ordenador, xa que nos solicitan facer informes e documentos nos que, noutras ocasións, teríamos máis tempo xa que os prazos non eran tan curtos... Isto non significa que xa non vaiades a saber nada de nós, simplemente que decidimos enviar a explicación das fichas que faltaban, que eran poucas, todas xuntas, para que vos organicedes vós e non teñamos que estar todos pendentes de cando se colga o traballo diario, pero nós aquí seguimos para o que necesitedes, aclarar dúbidas e preparando algunha que outra sorpresiña que tamén se merecen as nosas pequenas e pequenos.

Sen máis, e sen día marcado...comezamos a rematar!

ÁNIMO!

### 4 ANOS

#### - FICHA 19: GRAFOMOTRICIDAD:

##### Imos comenzar cunha adiviña...

"Flotan no aire como se fosen de algodón, moitas veces cando saen tapan o sol...que son?"

Cantos adiviñaron? Seguramente tod@s! Si! As nubes...esas que tanto nos gusta mirar para saber en que patio poderemos estar ☺

Agora imos reflexionar un pouquiño...de que están formadas as nubes? Son sempre igual? Cambian de cor? Explicádelle a quen vos este axudando os

cambios que vos percibides no ceo...e despois observade a ficha e intenta dicir QUE FORMA teñen as nubes que nela se presentan...recórdavos a algo?

Agora, REPASADE AS GRAFÍAS, primeiro a lapis e despois a rotu, no REVERSO TAMÉN.

A forma de ESPIRAL xa a traballachedes, así que sodes uns expert@s en recoñecela en diferentes obxectos e cousas, pero...algunha vez fixechedes NUBES EN ESPIRAL? Collede unha cartolina ou folio azul, e PEGADE NELA ALGODÓN FORMANDO UNA ESPIRAL! Tedes que crear a vosa propia NUBE!

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante este confinamento seguramente que todos debucháchedes nalguna ocasión o ARCO DA VELLA DA ESPERANZA, de QUEDA NA CASA...así que imos facer outra versión con nubes de verdade!



- MATERIAL:
  - o 7 tiras de cartolina ou folio das cores do arco da vella (30, 28, 26, 24, 22, 20 y 18 cm de largo por 3 cm de ancho).
  - o Pegamento

- Regra.
- Tesoiras
- Grampadora
- 6 pompóns
- Algodón.
- Cartolina ou folio azul para facer as gotas.



- PROCEDIMENTO:

- Cortamos tiras de cores da medida indicada. Collemos a tira máis pequena e marcamos o medio cunha regra, para despois marcar a ambos lados do centro dous puntos a unha distancia de 3.5cm (deixádeo para os maiores isto ☺ )
- Teremos tres puntos marcados, que marcaremos ó ancho para obter tres puntos onde faremos un buratiño para pasar fío.
- Cortamos tres fíos de 40-50cm de largo.

- Pasamos o fío polos pompóns ou boliñas, para que estas sexan o tope, e despois pasámoslos polos buratiños da primeira tira da cartolina máis corta.
- Agora collemos a tira máis larga e facemos o mesmo pero cunha distancia para as marcas de 5 cm.
- A continuación poñemos tódalas tiras xuntas e grampámolas no extremo onde se tocan TODAS.
- Despois colocar tódalas puntas que non se gramparon e cando estén, grampar formando as o ARCO DA VELLA.
- Poñer un pompón ou unha perlita nos fíos como a vos os guste.
- Na cartolina ou folio azul debuxar 9 gotas, recortalas e dobralas pola metade, non as imos facer tridimensionais para non complicalas ☺
- Cada gota pasádela por un fío, e coller outro trozo de fío para pasar polos buratiños da tira larga, facer un nó e así quedará feito o colgador do móbil!
- Para facer as nubes, coller o algodón e pégalas en cada extremo!
- Xa tedes a vosa obra de arte rematada!

Parece complicado pero cando dispoñades de todo o material, e solo polas fotos xa o veredes máis claro ☺

Agora...imos cos nosos amigos de Happy Learning a ver este vídeo...

[https://www.youtube.com/watch?v=GNxNdlQA\\_CQ](https://www.youtube.com/watch?v=GNxNdlQA_CQ)

E tamén nos seguintes enlaces tedes máis explicacións e máis experimentos!

<https://www.youtube.com/watch?v=MtJZSncXhjE>


[https://www.youtube.com/watch?v=8gfPXI\\_sdFQ](https://www.youtube.com/watch?v=8gfPXI_sdFQ)

## - FICHA 20: VERDADERO O FALSO

Imos a seguir pensando no Arco da Vella...que cores ten? Fixácheche algunha vez? Intenta enumeralos todos e se poden DEBUXA UN e PONLLE OS NOMES!

Vendo todas as cores que ten...creíades que mezclando soamente entre si tres desas cores aparecerían tódalas demais?

Propoñemos que collades acuarelas ou témperas: Azul, Amarelo e Vermello.



VERDADEIRO OU FALSO QUE CON ESAS TRES CORES PÓDENSE  
FACER TÓDALAS DEMÁIS?

Como vedes nesta foto...mezclando vermello con amarelo sae laranxa, azul con amarelo, verde... Collede folios e POÑERVOS A MEZCLAR...ides a sorprendervos moito!!!

Igual que coa combinación de cores resultan outras, hai combinacións que fan que sucedan cousas asombrosas, como por exemplo o ARCO DA VELLA. Na ficha aparecen dúas combinacións...CAL CREDES QUE É A VERDADEIRA PARA QUE O ARCO SE VEXA? COLOREA OS ELEMENTOS DA QUE SEXA VERDADEIRA! E despois TACHA o Arco da Vella da situación falsa!

No REVERSO, completa a serie! E se podes, debuxa debaixo a mesma pero de COR AMARELO!

XOGO VERDADEIRO OU FALSO!

Imos a xogar...neste enlace tedes xogos de verdadeiro e falso! Moi divertidos! E podedes acordar un premio para o que máis acerte o leve!

<https://www.youtube.com/watch?v=iSxFd7-K424&feature=share>

<https://www.youtube.com/watch?v=GpnnsMnr-bc>

<https://www.youtube.com/watch?v=YTTuOaspwQY>

- FICHA 21: PENSAMIENTO CREATIVO



Comezamos observando esta fotografía...que vedes? Sabedes que é? Chámase AURORA BOREAL, un fenómeno que se produce no ceo en forma de brillo e que soe aparecer nas zoas polares: Polo Norte e Polo Sur, durando horas ou incluso días!



Neste vídeo hai unha explicación moi divertida!

[https://www.youtube.com/watch?v=ZUcAfNRYf\\_I](https://www.youtube.com/watch?v=ZUcAfNRYf_I)

Agora observemos a ficha...a que estará mirando Candi? De momento só ó ceo pero...tedes que crear a vosa AURORA BOREAL! Así que collede TIZAS e debuxaa no ceo, despois, para que quede mellor, MEZCLA CUN ALGODÓN! E se queredes que brille...porque non botar un POUCO DE PURPURINA? Quedarán preciosas!

Ademais das vosas creacións...no ceo brilla algo máis... que son? AS ESTRELAS! E...sabedes que hai conxuntos de estrelas que fan formas? Son AS CONSTELACIÓNS! Debuxos que fan as estrelas no ceo se as unimos...Son moitas estrelas as que posúen un nome, e, a partir delas, os astrónomos formaron grupos que simulaban personaxes, animais, ou obxectos reais, creando conxuntos de estrelas e nomeándoas... Estas son algunhas das máis coñecidas...



## ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

### A VOSA CONSTELACIÓN!

Crear a vosa constelación é moi fácil.. nunha cartolina negra, ou azul, pega gomets con forma de estrela da maneira que ti queiras...úneas todas con cor branca ou amarela para que brille máis...e...Como se chama a túa constelación? Mandádeme foto ensinándoas!



#### FICHA 22: NÚMEROS ORDINAIS (1º - 6º):

Toca traballar os números ordinais.

Antes de comezar a ficha podemos escoitar os sons dunha tormenta e facer preguntas relacionadas coas mesmas: que escoitas? Gústanche as tormentas?

<https://www.youtube.com/watch?v=wZjE-Ze59BE>

A continuación déixovos algún vídeo explicativos sobre as tormentas.

<https://www.youtube.com/watch?v=UGWnwllbJK4>

[https://www.youtube.com/watch?v=GNxNdlQA\\_CQ](https://www.youtube.com/watch?v=GNxNdlQA_CQ) (nubes)

Que vemos na ficha? Trátase de debuxar con pintura de dedos branca (senón con rotulador) os relámpagos que faltan para que haxa 6. Despois toca pegar (debaixo ou arriba) de cada un dos relámpagos o ordinal que lle corresponda. No **reverso** toca repasar os números. Abaixo, se queredes poderdes facer un pequeno ditado de números para ver se xa os teñen interiorizados do 1-6. (non fai falta que sexan ordinais 😊).

**AMPLIACIÓN:** nun folio podedes debuxar unha tormenta con todos os elementos que a forman e logo escribir (coa axuda do adulto) as palabras das cousas que a compoñen (chuvia, relámpagos, tronos, vento...).

**AMPLIACIÓN:** Ciclo da auga. Podemos ver de xeito sinxelo cal é o ciclo da auga no planeta.

<https://www.youtube.com/watch?v=76dw3ZRFGNQ>


<https://www.youtube.com/watch?v=027WHX-0Q2k> (experimento con espuma de afeitar)

<https://www.youtube.com/watch?v=Lqpb3uznw6o>


Logo de ver os vídeos podemos crear o noso ciclo da auga para iso precisamos unha bolsa zip, auga, colorante alimenticio e rotulador permanente. O adulto quentará a auga ata que empece a formar vapor, logo engadiremos o colorante e mesturamos ben. Botamos a auga dentro da bolsa hermética e cerrámola ben. Finalmente colgarémola nunha ventá con cinta ou celo.




Finalmente podedes pintar e escribir as partes do ciclo da auga na seguinte ficha (evaporación, condensación, precipitación).



**AMPLIACIÓN:** Para continuar a traballar cos números podemos realizar as seguinte actividades. Collemos 9 vasos de plástico e debuxámoslles puntos (1-ata o número que queirades por exemplo o 9). Logo nun folio debuxamos unha pirámide de vasos con números dentro (os números en lapis para poder borrar e cambialos). O neno/a deberá construír a pirámide como indica o folio.



Outra opción para traballar os números e crear un “xarrón/talo dunha flor” con un rolo de papel de cocina o cal deberemos cortar en 9 cachos e escribir os números. O neno/a deberá facer a recta numérica.



### FICHA 23: DISCRIMINACIÓN MAÑÁ/TARDE/NOITE.

Coa seguinte ficha imos ver o que se pode facer en cada momento do día. Uniremos cada fotografía co ceo que lle corresponde (explicarémolles aos nenos/as que ao longo do día o ceo cambia de cor) e colorearán o marco do momento do día no que se atopan agora mesmo.

No reverso deberán debuxar o que fan eles pola mañá, pola tarde e pola noite e pintalo. Finalmente escribiran debaixo do debuxo o que están facendo (coa axuda do adulto).

**AMPLIACIÓN:** Nun folio dividido en tres espazos os nenos representarán os ceos de cada momento do día (unha das partes do folio representará a mañá e pintárase con cores azuis, outra a tarde que se representará con vermellos e amarelos e logo teremos a noite que se representará con azuis escuros e negros).

**AMPLIACIÓN:** Pintaremos unha noite estrelada. Para iso precisamos estrelas recortadas (ou pegatinas de estrelas), acuarelas e pinceis. Primeiro deberán pegar

ou colocar as estrelas no folio. Pintarán por encima con acuarelas. Finalmente retiraranse as estrelas e quedará a seguinte manualidade.



#### FICHA 24: RESPECTO POLO MEDIO AMBIENTE.

Temos que reconstruír estas paisaxes que foron destruídas por mor da contaminación. Explicarémoslles aos nenos/as que é a contaminación. Para iso déixovos o seguinte vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=TV-YEQOIFuQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=-aBYdkVkURI>

En vez de estampar huellas no glaciar imos pegar algodón para que volva a haber neve. Logo estamparemos huellas con pintura de dedos (das cores que teñades pola casa) para reconstruír o coral.

**AMPLIACIÓN:** Observamos a seguinte imaxe. O rapaz/a deberá identificar os absurdos e explicar porque o son.



**AMPLIACIÓN:** Dar un paseo por algunha zona verde (cerca dun río, monte...) e ver se todo está recollido. Ademais de xogar podeades ver se o entorno está contaminado ou non.

E con isto, terminouse o libro e o traballo deste curso tan peculiar!!! PARABÉNS AOS NENOS/AS E ÁS FAMILIAS POR ESTE GRAN ESFORZO.

